

tituto e/ou na páxina web da Deputación Provincial de Lugo ([www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)).

Lugo, 23 de agosto de 2010.

Lara Méndez López  
Presidenta en funcións  
da Deputación Provincial  
de Lugo

José Antonio Mourelle Cillero  
Secretario xeral adxunto  
da Deputación Provincial  
de Lugo

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

*Anuncio de licitación, por procedemento aberto, para a contratación da subministración, nun só lote, de colectores de recollida selectiva de residuos sólidos urbanos con destino ao Servizo de Aguas e Medioambiente da Área de Infraestruturas.*

No perfil do contratante da Deputación Provincial de Ourense na páxina web [www.depourense.es](http://www.depourense.es), publícanse íntegros os pregos de condicións para a contratación da subministración, mediante procedemento aberto, nun só lote, de colectores de recollida selectiva R.S.U. con destino ao servizo de Augas e Medioambiente da Área de Infraestruturas da Deputación Provincial de Ourense, cun tipo de licitación de 125.000 € (IVE, e demais impostos incluídos), integrado pola suma dos importes do valor estimado da subministración (105.932,20 €), e o IVE aplicable (19.067,80 €). As proposicións presentaranse ata as 14.00 horas do décimo quinto (15º) día natural contado desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, no rexistro da Deputación Provincial de Ourense.

A apertura de proposicións terá lugar de conformidade co disposto na cláusula XIII do prego de condicións. A documentación necesaria e demais datos figuran no mencionado prego de condicións, que será facilitado gratuitamente aos que o soliciten, no rexistro da Deputación Provincial de Ourense, rúa Progreso nº 32 ou por teléfono: 988 38 52 02 e fax: 988 38 51 84.

Ourense, 5 de outubro de 2010.

José Luis Baltar Pumar  
Presidente da Diputación Provincial de Ourense

*Anuncio de licitación do procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, para a contratación do servizo de mediación de seguros privados.*

No perfil do contratante da Deputación Provincial de Ourense, publícanse íntegras as bases para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo

de mediación de seguros privados desta deputación. As proposicións presentaranse, no rexistro da Deputación Provincial de Ourense, ata as 14.00 horas do décimo quinto (15) día natural, contado desde o seguinte ao da publicación deste anuncio. A documentación necesaria para participar na licitación e demais datos figuran nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, que quedan á disposición dos interesados no perfil do contratante [www.depourense.es](http://www.depourense.es)

Ourense, 14 de outubro de 2010.

José Luis Baltar Pumar  
Presidente da Deputación Provincial de Ourense

## e) OUTROS ANUNCIOS

### FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA

*Melloras e investimentos na Central Agropecuaria de Galicia.*

Anúnciase a contratación de melloras e investimentos na Central Agropecuaria de Galicia por un orzamento máximo de licitación de 192.911,40 euros máis IVE, en Silleda (Pontevedra), a teor das follas de especificacións, dos pregos de condicións e dos pregos de prescricións técnicas formulados por esta fundación, que poderán ser examinadas polas persoas e empresas interesadas na páxina web [www.feiragalicia.com](http://www.feiragalicia.com) ou directamente na sede administrativa no recinto feiral, en Silleda (Pontevedra). As proposicións dos interesados, axustadas ás ditas especificacións e pregos, poderán presentarse na sede da fundación, dentro do prazo máximo de trece días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio.

Silleda, 19 de outubro de 2010.

Paloma Hidalgo López  
Directora xeral da *Fundación Semana Verde de Galicia*

### CONFECIONES BRANDARIZ, S. COOP. GALLEGA

*Anuncio de disolución de cooperativa.*

A entidade *Confeciones Brandariz, S.C. Galega*, acordou por unanimidade, na asemblea xeral extraordinaria que tivo lugar o 7 de xullo de 2010, a súa disolución para todos os efectos o 31 de xullo de 2010.

Cruz Vilela Botana  
Liquidadora

Esther Mendoza Lareo  
Interventora